

2M€ de axudas directas a viticultores da Ribeira Sacra

Páxina III



Senda peonil entre Oia e Baiona

Páxina IV



CEIP de Leirado obtén premio da Xunta

Páxina X



Nova sede en Tui para a seguridade transfronteiriza

Páxina XI



Tomiño será pionero na xestión de residuos

Páxina XIII



"Cantareira", Palabra do Ano 2024

Páxina XV



A Vía da Prata será promocionada en Fitur

Páxina III

Arbo atrae ás multinacionais para economía circular

Páxina VIII



PINTURAS

BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO



Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Coruña



Fiosan

Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675

fiosanconstruccion@gmail.com

OURENSE

O acceso ao balneario histórico de Cortegada será mellorado

A Deputación de Ourense impulsa a ampliación e a mellora da seguridade do acceso ao balneario histórico de Cortegada, un dos recintos termais de referencia da provincia. As actuacións, ás que se destinan 75.600 euros, teñen o obxectivo principal de construír un muro de contención no camiño que dá entrada ao balneario.

O contrato está financiado polo Plan de Sustentabilidade Turística "Ourense Colle Velocidade, vilas históricas e termais", no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea (NextGenerationEU), en colaboración coa Secretaría de Estado de Turismo e a Axencia de Turismo de Galicia. As empresas poden presentar as súas ofertas para participar na licitación ata o próximo 29 de xaneiro.

A construción do muro permitirá ataxar os posibles riscos dos pequenos desprendementos que se producen na actualidade no camiño de acceso ao balneario



histórico de Cortegada. Tamén se realizará a reposición do pavimento afectado por outro novo nun perímetro de actuación de 162 metros cadrados.

Deseño dunha ruta de sendeiros

Con esta actuación, tamén se dá continuidade a unha liña de traballo iniciada no plan de sustentabilidade turística Ourense Termal, que contempla o deseño dunha Ruta de Sendeiros que vincule o recurso das augas termais

e mineiro medicinais con outros recursos naturais ou patrimoniais, contribuíndo así a xerar espazos de mobilidade a pé, así como novos atractivos para que os potenciais visitantes aposten polo uso de transportes sostibles, en fomento dun estilo de vida máis saudable. As actuacións tamén permitirán poñer en valor a paisaxe, a protección da natureza, a conexión de recursos culturais e a seguridade.

Muíños terá novo centro de saúde en 2026

A Xunta de Galicia licitará as obras de construción do novo centro de saúde de Muíños cun investimento de máis de 1.300.000 euros. O centro de saúde novo de 339 m2 substituirá ao actual, que comparte espazos con vivendas municipais e dispón de 170 m2 de uso sanitario. O investimento permitirá gañar unha consulta polivalente, que se sumará á actual e máis á consulta de medicina e á de enfermaría. Tamén

se habilitará unha sala de xuntas e un almacén. Este novo centro de saúde ourensán pasará a situarse ao lado do campo de fútbol, no núcleo de Mugeimes, e estará próximo á Casa do Concello, á residencia de maiores Virxe da Clamadoira e á farmacia. A previsión do Sergas é formalizar o contrato de obra no verán. O prazo de execución é de 18 meses. O edificio actual no centro de saúde destinarase a vivendas de aluguer.

A casa de Ben-Cho-Shey rehabilitada para centro de lembranza do escritor

Un dos proxectos culturais máis importantes do Concello do Pereiro de Aguiar é a rehabilitación da casa na que o insigne mestre e escritor Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Shey) viviu perante máis dunha década namentres exercía o seu maxisterio na escola de nenos de Caspiñón, en Santa Marta de Moreiras.

Alí escribiu, entre outras, a súa obra "Santa Marta de Moreiras monografía dunha parroquia galega" na que fixo un estudo moi rigoroso da realidade

da parroquia na que él impartía o seu maxisterio hai agora un século.

Estase a rematar a primeira fase de rehabilitación que cun importe de 40 mil euros levan a cabo Concello e Deputación. As obras consistiron fundamentalmente no saneamento do inmovible, impermeabilización do mesmo e dotalo dos servizos esenciais así como a creación de espazos diáfanos onde se poida levar a cabo esa labor de exposición da súa vida e traballos.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

BAR FUENTEFRÍA

Callos
 Empanadas
 Afumados
 Carnes
 Queixos
 Ensaladas
 Clásicos

Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

acouBAR

Comida tradicional galega
 Especialidade: Cachopo.

Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE



MESÓN DO MANOLO

Menú diario 12 euros
 Fin de semana 16 euros

Carta: Cordeiro, ameixas, anguías, cocido galego (xoves e domingos)

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

A Vía da Prata será promocionada en Fitur

A Vía da Prata, que rozou os 10.000 peregrinos no ano 2024, será un dos grandes reclamos da Deputación de Ourense na Feira Internacional de Turismo (Fitur), que se celebra en Madrid do 22 ao 26 de xaneiro. A institución provincial aposta por este itinerario xacobeo entre as actividades de promoción máis destacadas, coa presentación dunha nova campaña sobre a "multiexperiencia" da Vía da Prata na provincia de Ourense. A iniciativa, destinada tanto a público nacional como internacional, presentárase o 22 de xaneiro. Esta campaña de divulgación da Vía da Prata ourensá enmárcase nas numerosas actividades de promoción que lidera a Deputación de Ourense, co obxectivo de difundir o patrimonio cultural, natural e etnográfico da nosa provincia, a través do tinerario xacobeo máis extenso en Galicia, que conta con 200 quilómetros na provincia de Ourense e transcorre por 28 concellos.

Neste sentido, o presidente provincial, Luis Menor, celebra o



crecemento do 13% de peregrinos que apostaron en 2024 pola Vía da Prata. "Ademais, máis da metade dos camiñantes comezaron a súa ruta dende Ourense, o que certifica a boa acollida deste itinerario, tanto entre os usuarios nacionais como en estranxeiros, que elixen unha ruta chea de tesouros por descubrir".

A campaña que se presentará en Fitur súmase a outros proxectos como o Camiño por etapas, promovido pola Deputación de Ourense o ano pasado, a fin de involucrar á poboación local, e que

permitiu realizar este itinerario xacobeo en cinco domingos por tramos de aproximadamente 20 kilómetros. Máis dun centenar de usuarios, procedentes de diferentes concellos, apostaron por esta nova forma de facer o Camiño, pola que a Deputación seguirá apostando en 2025, con transporte e guía.

Desde a Deputación tampouco se esquece a promoción do Camiño Miñoto-Ribeiro, que conecta o norte de Portugal con Santiago, recoñecido xa pola Igrexa e que tamén permite obter Compostela.

Dous millóns de axudas directas a viticultores da Ribeira Sacra



María José Gómez cos alcaldes de Pantón e de Sober.

A Consellería do Medio Rural está a afianzar o seu compromiso pola conservación da contorna paisaxística e a loita contra a erosión de viñedos na Ribeira Sacra cunha liña de axudas directas dotadas cun orzamento de dous millóns de euros.

Esta partida, convocada o 30 de decembro, foi consensuada coas asociacións profesionais agrarias e os sindicatos para poder responder do mellor xeito ás necesidades reais do sector. Se trata dunha liña de axudas directas, co fin de facilitar a súa tramitación.

Así, estas achegas van dirixidas a aquelas persoas viticultoras

que estean inscritas na Denominación de Orixe Ribeira Sacra e que colaboran co seu labor a conservar a singularidade paisaxística característica desta zona; xa que contribúen a evitar a desaparición dos socalcos e o abandono de cultivos.

A contía individualizada para cada beneficiario é, como máximo, de 2.000 euros por hectárea para o cultivo da vide en socalcos de pedra de forma non mecanizada e de 1.000 euros para o que se fai sen socalcos ou mediante traballo mecanizado. Neste sentido, a conselleira lembrou que non se concederán axudas superiores a 50.000 euros por persoa.

Descubrimento arqueolóxico dos séculos VII e IX en Casaio

A Asociación Científica Sputnik Labrego deu a coñecer un novo descubrimento arqueolóxico na parroquia de Santa María de Casaio, (Carballeda de Valdeorras). Trátase dunha aldea de época altomedieval, na zona chamada Penedo Xudío. "Este sitio xa era coñecido pola comunidade local, que tiña localizadas varias estruturas antigas, así como material arqueolóxico, e tamén polas pros-

peccións do arqueólogo Santiago Ferrer nos anos 90", dinos Carlos Tejerizo, director do proxecto. "Con todo, nunca se investigou antes. O pasado setembro fixemos algunhas catas e atopamos tanto a zona de vivendas como un espazo de enterramento desta comunidade altomedieval", indica.

Grazas ás datacións radiocarbónicas puído datarse a ocupación do sitio entre os séculos VII e

IX. Segundo a asociación, este dato é moi relevante, xa que aproximaría esta ocupación ao momento da existencia de Cassavio, unha ceca de época visigoda coñecida por unha moeda de ouro feita neste sitio e que os expertos sitúan en Casaio. "Non temos a certeza de que Penedo Xudío sexa esa antiga Cassavio onde se fixo a moeda, pero temos información de que se atoparon outras moedas neste contexto e non descartamos

a hipótese de que realmente esteamos ante esa antiga ceca", sostén Carlos Tejerizo. O equipo de Sputnik Labrego documentou media ducia de enterramentos situados a menos de 500 metros da zona de vivendas, "o que permite relacionar o mundo dos vivos ao mundo dos mortos deste momento histórico tan pouco coñecido. Un auténtico achado no contexto do noroeste peninsular", remata o director.



Nova senda peonil entre Oia e Baiona

A Deputación de Pontevedra mellorará a mobilidade peonil na estrada EP-2202 entre Baiona e Loureza, no termo municipal de Oia. O presidente provincial Luis López e a Alcaldesa Cristina Correa asinaron o convenio no que a Deputación achega o 80 % do orzamento total de 165.000€.

O proxecto céntrase na creación dun itinerario peonil duns 170 metros de lonxitude na marxe esquerda da EP-2202 entre as localidades de Baiona e Loureza ao



seu paso polo Concello de Oia. a cabo dúas actuacións na EP-2202 entre Oia e Torroña. Neste convenio tamén se levarán

Telexestión na iluminación pública tomiñesa

O Concello continúa co seu plan de renovación da iluminación pública adoptando un sistema de telexestión ante o aforro conseguido en 2024 de 500.000 kWh, en termos económicos máis de 70.000€, ademais dunha redución de 250 toneladas de CO2 liberadas á atmosfera

A estas medidas hai que sumar a instalación de dous puntos de recarga para vehículos eléctricos en Tomiño e Goián, e a adhesión do Concello ao Pacto das Alcaldías.



Toda vez o goberno municipal tramita as correspondentes subvencións co INEGA, IDAE, Deputación de Pontevedra.

Baiona coñecerá a historia do Camiño Portugués

A Xunta levará no verán a Baiona a exposición O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e terra da Cidade da Cultura, que recompila imaxes desta Ruta Xacobeá, a través da ollada de 35 fotógrafos de ambos dous lados da Raia.

A mostra, que contén 71 instantáneas de paisaxe e patrimonio entre Porto e Santiago dende o século XIX ata hoxe

coa autoría de fotógrafos como Pacheco, José R. Seco, José Moreira ou o fotógrafo alemán Otto Wunderlich, tivo máis de 32.000 visitantes durante a súa itinerancia ao longo destes dos últimos anos desde o Museo Centro Gaiás, en Santiago, no Museo do Mar de Galicia, en Vigo e a Sala de Exposicións do Edificio Francisco Sánchez, en Tui.

O CHUVI recibe premio internacional



O Servizo de Radiodiagnóstico do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) recibiu en Chicago o maior recoñecemento, o Premio Magna Cum Laude que outorga a Radiology Society of North America (RSNA) pola súa comunicación "An in-depth look

at the ocular globe, the radiologist's blind spot" celebrado durante a 110ª edición do Congreso Anual da RSNA. O traballo foi presentado por un dos seus autores, Samuel Pereiro Pérez, residente de 4º ano en dito servizo no CHUVI.

Servizos técnicos forestais e obra do rural

Xirela

Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

M
INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro n°4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

- Reforzo escolar
- Todas as materias
- Técnicas de estudo
- Preparación de exames
- Orientación educativa

Avda. de Galicia, 4 -1º. PONTEAREAS
Telf: 675 088 316 - info@academiatempos.es

Mereces **ELIXIR.**

GADIS

OURENSE

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Policía galega para garantir a nosa seguridade

O ano 2025 comeza para Galicia con graves déficits na nosa seguridade pública. A Policía Autonómica galega (en realidade unha Unidade Adscrita da Policía Nacional-PN-), dotada con 500 prazas das que só unhas 340 arestora están provistas (40% menos que no 2013), min-gua de ano en ano. Veñen de se liquidar, de feito, as unidades destinadas a xogo, patrimonio cultural, ambiente e Urbanismo, mentres fican reducidas ao mínimo as de violencia de xénero, incendios forestais e menores. Todas competencias autonómicas que precisan, xa que logo, dun corpo policial de noso para garantirmos o cumprimento das decisións administrativas e de goberno da Xunta de Galicia.

Mentres, as carencias dos Corpos de Seguridade estatais na Galicia (PN e Garda Civil-GC-) son evidentes e a súa existencia é unha emenda á totalidade á desaxelada

tese de que sexa o Goberno central quen cubra as nosas necesidades policiais. Segundo fontes sindicais, a GC ten 500 prazas non dotadas no noso País, cun feixe de postos e cuarteis que non dan no servizo acaído. Por outra banda, a PN (con outras 500 prazas sen cubrir) mantén un secular déficit dotacional na Galicia que impide, ademais, que o/as funcionario/as policiais de orixe galega poidan obter praza no noso País, com tampouco poden obtela na Autonómica.

Galicia, nas últimas etapas históricas, foi un País seguro. E, probabelmente, as porcentaxes de delincuencia sigan a ser razoábeis no contexto europeo. Mais xa non somos unha contorna tan segura. A Coruña, cunha poboación 9000 habitantes menor ca de Vitoria-Gasteiz, capital de Euskadi, tivo no 2022 un 21,18% máis delitos. Claro é que na capital vasca

atende integralmente todas as necesidades da poboación a Ertzaintza.

Sufre a nosa seguridade cidadá polo noso dependentismo. Porque temos os tres alicerces precisos para un modelo galego de seguridade, de noso. En primeiro lugar, a Academia Galega de Seguridade, na Estrada, fornece das necesidades formativas en emerxencias e policía, quer locais, quer autonómica. Grande vantaxe a de ter coberta a provisión de prazas policiais cunha Academia semellante. En segundo lugar temos unha lei de coordinación de policías locais e unha ampla normativa regulamentaria de desenvolvemento, ás veces mesmo moi limitadora a respecto da autonomía local, que é quen de orientar estes corpos cara ao seu artellamento nun sistema policial galego. En terceiro lugar, temos xa dende 2007 a lei que creou a Policía de Galicia, que segue arestora vixente. Axiña poderíamos integrar a Unidade Adscrita da PN como núcleo inicial da Policía de Galicia.

Que o Goberno de Galicia, que a sociedade galega, estea botar a perder tan bos alicerces para construír o noso modelo de

seguridade adoita ser obxecto de falas incredulas noutros países. Antigos altos mandos policiais da Ertzaintza e antigos cargos da Consellería catalá de Seguridade (próximos temporalmente, nos dous casos) afirman que é moi importante, si, a información e a cooperación interpolicial, no ámbito do Estado, da Europol ou da Interpol. Mais aínda é máis importante, unha policía de seguridade dirixida dende a proximidade. “Como pode ser, Xoán, que o voso Goberno non o vexa”, preguntábame un destes expertos policiais.

Xa non falamos da substancial mellora que tería a seguridade viaria de se transferir á Policía de Galicia, substancial mellora que acadaría ao funcionariado da Garda Civil de Tráfico de Galicia que podería integrar de vez unha Policía civil, democrática e axeitada ás nosas necesidades e características, moito menos pendente da recadación e moito máis da seguridade viaria.



A Educación como Pilar do Futuro Saharauí

No contexto do Sahara Occidental, a educación non é simplemente un dereito fundamental, senón tamén un acto de resistencia e unha ferramenta clave para a autodeterminación. Desde os seus humildes inicios en 1975, o sistema educativo saharauí demostrou ser unha das maiores conquistas da República Árabe Saharauí Democrática (RASD), a pesar das adversidades do exilio e as limitacións materiais.

Un Modelo Educativo Transformador

Fai case cinco décadas, os nenos saharauís estudaban baixo as acacias e en tendas de campaña, con escasos recursos e mestres motivados só polo desexo de ensinar. Hoxe, o sistema educativo saharauí erradicou o analfabetismo e erixese como un dos máis avanzados do Norte de África, brindando educación gratuíta e obrigatoria a todos os nenos en idade escolar.

O carácter inclusivo e multidisciplinario da educación saharauí ha permitido a for-



mación de xeracións de cidadáns comprometidos coa loita pola soberanía e o progreso. Ademais, deuse unha énfase especial á participación da muller, que hoxe representa o 78% dos postos en educación e o 68% no sector saúde, consolidándose como un pilar esencial do desenvolvemento nacional.

Os testemuños de educadores e funcionarios reforzan a importancia da educación

no proxecto saharauí. Mustafa Mohamed Fadel, Secretario Xeral do Ministerio de Ensino, subliña a necesidade de investir en recursos humanos como un capital indispensable para a revolución e o Estado. Pola súa banda, Mustafa Salek, un veterano educador, lembra as condicións extremas nas que se impartía clase ao principio do exilio e como estas dificultades non fixeron efecto na determinación dos mestres.

Mariam Ahmed Baba, directora da escola “Vítimas de Soweto”, destaca que o Día Nacional do Ensino é un momento para celebrar os logros educativos e render homenaxe aos pioneiros do sistema. Ademais, pon en relevo a importancia da educación para as mulleres como motor de transformación social.

Logros e Desafíos

As cifras reflicten os avances do sistema educativo saharauí: 37 garderías, 27 escolas primarias, 11 secundarias, 6 centros de formación profesional, un centro pedagóxico e unha universidade. Estes logros son froito dunha política educativa que priorizou a masificación e a calidade do ensino.

Con todo, o camiño cara á soberanía plena require un renovado investimento na formación das novas xeracións. Como

afirmou o Ministro de Ensino, Jatri Ad-duh, “é necesario que os saharauís se preparen para asumir as tarefas que xurdirán tras a consecución da soberanía nacional”.

Educación e Futuro

A educación na RASD é moito máis que unha política estatal; é un compromiso colectivo co futuro dun pobo que loita polo seu dereito para existir como nación soberana. Os logros alcanzados ata o de agora son testemuño da resistencia e a determinación do pobo saharauí, pero tamén un recordatorio de que o camiño cara á independencia plena pasa, inevitablemente, pola formación e o empoderamento dos seus cidadáns.

O sistema educativo saharauí non só educa, senón que inspira e constrúe un futuro onde a soberanía sexa unha realidade e non só un soño. Neste esforzo, o pobo saharauí segue demostrando que, mesmo nas condicións máis adversas, a educación é a arma máis poderosa para transformar o seu destino



Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Ano novo, vellas causas

Nos momentos que corren pode suceder -e sucede- que aquela persoa limpa poida semellar corrupta e ao mesmo tempo, e non é menos, calquera ladrón poida parecer unha persoa de ben ou mesmo un heroe. Na política sucede con frecuencia, anque tamén na vida dos comúns que habitamos este espazo onde a vida se xustifica cunha partida de nacemento máis que coa presenza debida. Estamos nun tempo falso e irresoluto, un tempo en que os papeis dan creto á xente que lle falta. Os papeis mercan e venden, compran e xustifican chapuzas e agresións que se sucedan. Vivimos tempos de mesquindade, de Herodes que se volveron heroes gloriosos e renomeados, estrelas e protagonistas de moito pábulo que queren dar exemplo nese herdo de miserias que tantas veces ameaza e que por detrás da mesma pantalla esconden. Den-

tro habitan xenreiras que de modo natural xorden, tradúcense en guerras e afrontas, mentiras, non-verdades, pos-verdades e todas as variables que impiden que se saiba e reproduza a verdade. Si, son cómplices tamén aquelas xentes que os amparan, sabendo ou sen saber que é mentira, só polo feito de divulgala e amplificala. Chegan a todos os sitios, colonizan e invaden o que con tanto traballo levara, mal ou ben, en base á experiencia e aos esteos de certeza, na realidade. Din que é mellor -e máis doado- destruír para construír de novo, sobre todo se seguimos ao rabaño e de acordo cos seus dogmas e postulados. E é difícil manterse, conseguir saber a verdade, porque todo son falsidades, ditas para polarizar e confundir, para crear a dúbida, para mal-meter, para crear inseguridades. Nelas, os ladróns ampáranse no medio da moita néboa, do fume. Son os

que cando os pillan, propoñen repartir e conciliar culpas, complicar aos que están no arredor, para levar o beneficio correspondente. Personaxes que habitan a política e a vida social, crean intransixencias desde as redes sociais, divulgan a hipocrísia. Fan amigos e convencen con arte, seica tamén lles chaman influenciadores, e traballan con interese, xa político, económico ou de calquera filosofía invasora, para a que traballen. Mesmo por votos

O peor de todo é que neste trasfego perdemos a humanidade, dignidade e decencia. A ben entendida, aquela condición da empatía, aquela que comprendía inclusivamente á xente abeirada para que se incorporase e tomara parte do ben común. E non falo desde o sentido relixioso, que puidera parecer, sentido que moitas veces colle camiños violentos e chegan a producir enfrontamentos entre pobos e nos mesmos pobos, cos seus axiomas, máximas e preceptos. Non, tampouco desde o sentido ideolóxico, que interpreta case sempre ao

seu xeito, desde unha amalgama de próceres que ditan tamén dogmas e que necesariamente deben cumprir ou senón, non saes na foto. Non, non, digo humanidade desde o principio doado de ser partícipe, un principio que se perdeu na historia. Aquel de sentirmos persoas, humanos e comprender o que poida sucederlle a calquera, tanto como axudar, tanto como consolar e botar unha man e chamarlles irmáns. Ese aspecto humanitario, altruísta, solidario e mesmo compasivo -pouco me gusta esta palabra. E debo dicir que a min nunca me convenceron quen empregaron dogmas -de calquera tipo- para chegar a entendementos, porque eles mesmos néganse. Non hai discriminación boa, calquera delas é de por si negativa. Prefiro, en principio, a consideración e as ganas de axudar á causa común, ser e exercer como o que somos.



Por Xoán Carlos Caballero

Migueliño Chihuahua



Ata hai nada había na casa tres cans adoptados. Badi, que faleceu e tiña nome canino, era o único equilibrado emocionalmente. Os outros dous viñan bautizados segundo o santoral católico, Pucho (José) e Dalí (Salvador). Ambos chegaron traumatizados. Pensei que co paso de tempo o seu comportamento iría mellorando pero iso non aconteceu.

Si Pucho ve un homínido bótase a el, Dalí, en cambio, fuxe despavorido. Hai tempo que me rolda pola cabeza a idea de que a humanofobia que padecen comezou o día no que se decataron da orixe dos seus respectivos nomes.

Aqueles bípedes, que os humillan lanzándolles paus para que llos traian de volta, que lles obrigan a sentarse cando non lles apetece, a darlles a man unha e outra vez, a aprender idiomas para que comprendan expresións como: seat down, shut up, come here, que os mutilan cortándolles os testículos para que se porten ben ou que lles amputan o rabo, porque segundo o seu criterio están máis guapos, son os mesmos que consideran un insulto chamarlle a alguén "perro".

O exemplo máis coñecido, pola nosa tan evolucionada especie, é o famoso Perro Sánchez. Perro como compendio de ladrón, corrupto, mentireiro, etc. Economía neoliberal aplicada ao código lingüístico.

Outro caso coñecido foi o do exministro Francisco Álvarez Cascos ao que os socialistas adicáronlle un vídeo no que o identificaban cun dóberman porque ao parecer ladraba en vez de falar. Curioso detalle o de poñerlle nomes de razas de cans pacíficos a persoas agresivas, cando son os humanos os que converten a animais dóciles en bestas feroces.

O Partido Popular tachounos de canallas, pero non tardaron en contraatacar pouco despois con outro vídeo, cuxas imaxes mostraban cans enfurecidos aos que comparaba cos socialistas.

Na actualidade o home duro do parlamento é Miguel Tellado, canonizado por Feijoo, pero sen caninizar polos medios de comunicación nin polos rivais políticos.

Intúo que máis pronto que tarde un intrépido xornalista ou ocorrente político sumarase a esa tendencia tan inxusta de poñerlle nomes perrunos a sus señorías.

O chihuahua podería ser unha opción, xa que adoita ser un can agresivo por herdanza xenética, pero moi fiel ao seu amo. Precisamente, ambas características, son as que aproveita Feijoo cando lle lanza paus á bancada do goberno para que Migueliño llos traia de volta, ensanguentados a poder ser.

CPR PLURILINGÜE

"LA INMACULADA"

Xornada
PORTAS ABERTAS
 12 de Febreiro de 2025
 ás 17h.



Centro
Plurilingüe e
Plurininfantil



Servizo de
comedor e
madrugadores



Aulas con
Encerados
Dixitais

Esperámoste

CPR Plurilingüe "La Inmaculada"
 Rúa Amado Garra 2, Pontearreas
www.colexioinmaculada.com

INFANTIL · PRIMARIA · SECUNDARIA

CONDADO/PARADANTA

Arbo atrae ás multinacionais para economía circular

A información sobre o interese de multinacionais como Inditex, Decathlon, H&M, Ikea, Mango, Tendam, Sprinter, Kiabi, Primark e El Corte Inglés para dar curso en Arbo a partir deste 2025 do proxecto "Re-viste", unha iniciativa de reciclaxe téxtil impulsada pola Asociación para la Gestión do Residuo Textil y Calzado, causou interese mediática e política na Comarca do Condado Paradanta. A iniciativa conta coa colaboración da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)



Consultado vía telefónica, o Alcalde Horacio Gil (PP) indicou que carece da información necesaria para responder sobre os pormenores desta iniciativa que anuncia unha importante transformación da fi-

sonomía económica, urbanística, loxística e laboral deste municipio. Gil informou que está pendente dunha xuntanza coa xa mencionada Asociación para eventualmente negociar o contrato de licitación.

551.00€ para melloras de estradas en Arbo

O Concello de Arbo completou os traballos de mellora na pavimentación nas estradas de acceso ao núcleo de Casanova e Portela na parroquia de Mourentan. O monto total ascendeu a 131.605,24, no primeiro caso a cargo do Plan +Provincia 2024 da Deputación e o segundo subvencionado o 70% pola Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o 30% restante con fondos municipais.

O Concello tamén traballa nas melloras da estrada provincial EP-



5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, concretamente na contorna da igrexa de San Sebastián de Cabeiras, cun orzamento próximo aos 420.000 euros totalmente financiado pola Deputación.

Reformas no CEIP Antonio Carpintero

O Concello de Arbo, coa colaboración da Xunta de Galicia, está realizando melloras de acondicionamento e remodelación interior do CEIP Antonio Carpintero.

Ademais a Xunta de Galicia licitou o pasado 29 de decembro as obras para o cambio de cubertas, tanto do aulario como do comedor e ventanas do colexio, por valor de 515.000 euros.



Melloras na EP-5005 entre Crecente e Ponte Ribadil

A Deputación de Pontevedra ven de aprobar o proxecto das obras de mellora da EP-5005 entre os núcleos de Ponte Ribadil e Crecente, entre os puntos quilométricos 11+980 e 12+550. A actuación financiarase ao 80% pola Deputación, con 200.000 euros, e o concello porá o 20%, 40.000 euros.

As obras proxectadas pola Deputación permitirán mellorar tanto o tráfico rodado como o peonil, con medidas como a execución dunha senda peonil pola marxe esquerda da estrada de 2,5 metros de anchura e preto de 600 metros de longo. O proxecto tamén contempla a insta-

lación de pasos de peóns sobre-elevados ou a redución da velocidade máxima permitida na vía. Ademais, tamén se colocarán novas luminarias e se renovará a canalización da rede de iluminación e a rede de recollida de augas pluviais, entre outras actuacións. As obras estarán localizadas entre os puntos quilométricos 11+980 e 12+550.

Por outra banda, a deputada provincial Isabel Couselo en reunión co alcalde, Julio César García-Luengo, adiantou que a esta obra seguiralle outra importante actuación no treito antigo da vía ao seu paso polo núcleo urbano de Crecente.

A Escola de Música de Salvaterra entra no Rexistro de Galicia



A Asociación Unión Musical de Salvaterra ingresou no rexistro da Escola de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia. Actualmente, a escola conta con máis de 200 alumnas e alumnos e case unha vintena de profesores e profesoras que utilizan unhas

instalacións novas inauguradas no ano 2022 que permiten atender a demanda de actividades nunhas mellores infraestructuras. O Concello de Salvaterra de Miño mercara este edificio emblemático rehabilitándoo cunha inversión de máis de 500.000 euros.

Cortes na Carretera do Pazo

O Concello das Neves informou que a carretera do Pazo, na parroquia de Tortoreos, quedará cortada

temporalmente debido ás obras de reparación da cuneta, pedindo á veciñanza a utilización de vías alternativas.

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

LIMPIEZAS
PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

SALVATERRA DE MIÑO

Licitada por 2M€ a Depuradora do Mendo

A Conselleira de Medio Ambiente Ángeles Vázquez anunciou en Salvaterra que a Xunta ven de adjudicar a construción da nova EDAR do Mendo por valor de 2M€ e que estará cofinanciada polo Concello de Salvaterra e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratégico da PAC 2023-2027. Esta obra ten un prazo de execu-



ción de 18 meses. A depuradora m³/h está preparada para dar servizo a unha poboación de 2.310 habitantes equivalentes.

"Multicines Leirado" obtén premio da Xunta

A través do proxecto "Multicines Leirado: aprendizaxe, cámara, acción!", o CEIP Plurilingüe de Leirado en Salvaterra vén de ser galardoado no X Concurso de Traballos por Proxectos convocado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa no contexto do Plan LIA de Bibliotecas Escolares da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional na modalidade de proxectos documentais integrados, coordinados dende a biblioteca escolar.

Entre os criterios de avaliación figura a participación de toda a



comunidade educativa no seu desenvolvemento destacando o equipo da biblioteca, equipo docente, persoal non docente, alumnado, familias, ANPA e outras institucións como CFR de Vigo, CAFI, Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia, Inspección Educativa e o Concello.

600.000€ para a modernización do Dextros

O Concello de Salvaterra conseguiu máis de 600.000 euros para o proxecto de mellora e optimización das instalacións deportivas do campo de fútbol Municipal Antonio Bernárdez Gándara - Dextros, 338.717,58 € a través da subvención e axudas da Xunta de Galicia.

As obras de mellora inclúen o cambio de alumeado a led que suporá unha redución de máis dun 50% no consumo, paneis solares na cuberta da grada, un



sistema de fototerminia con catro acumuladores de 200, un sistema de renovación de aire en vestiarios e aseos e sistema de alumeado a led. Ademais contéplase a renovación de vestiarios, cimentacións, fachada, carpintaría e cuberta, illamentos, fontanería e saneamento, e a renovación dunha parte do peche perimetral.

O Club de Montaña Airiños inicia o Camiño Taverneiro



O Club de Montaña Airiños comezou a realizar o Camiño de Ignacio

Taverneiro dende Salvaterra, na que cada fin de semana fará unha etapa desta ruta.

Acceso autónomo para a Biblioteca

A Biblioteca de Salvaterra alcanzou en novembro os 700 usuarios, dos que 388 foron estudantes, unha media de 16 por día. Así, a Consellería de Cultura traballa na instalación dun sistema de acceso autónomo que permitirá ampliar o seu horario.



Aprobado o III Plan Municipal de Igualdade

O Concello de Salvaterra aprobou este 18 de decembro o III Plan Municipal de Igualdade de Mulleres e Homes de Salvaterra de Miño, unha acción financiada pola Deputación de Pontevedra.

Este é un plan de traballo para os vindeiros 4 anos con 8 ámbitos de actuación referentes a educación, cultura, formación,

saúde, deporte, seguridade ou urbanismo e que ten como obxectivo implicar a entidades sociais, económicas, da cultura, o deporte e en xeral a toda a sociedade. Ademais constan medidas de igualdade, xestión, comunicación, con formación a través de obradoiros e seminarios que forman parte do plan durante os catro anos.

Cocido solidario coa Festa da Sementeira

A Asociación cultural Quinta do Piñeiro organiza un gran cocido que terá lugar o día 26 de xaneiro na Casa Cultural de Corzáns. Os asistentes poderán degustar un menú com-

posto por sopa, cocido, auga, viño, refrescos, pan, sobremesa e café. Dito evento será para a axuda da festa da Sementeira e Música 2025 que terá lugar os días 10 e 11 de maio.

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865

www.cerrajeroremendon.es

24h.

ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO S.L.

Calefacción eléctrica
Instalaciones y montajes eléctricos
Servicio de averías y mantenimiento 24 horas

Tel: 986 658 207 - 651 860 155 - 651 860 185

Pol. industrial Chan da Ponte
36450 - SALVATERRA DE MIÑO

LA OJIVA

ESPACIO GASTRONÓMICO

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño
Tel: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com

BAIXO MIÑO

TUI

Tui recibirá 2,2M€ da Deputación no 2025

Durante un encontro institucional, o presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, avanzou ao Alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, o apoio do organismo provincial por valor de ata 2,26 millóns de euros a través de programas como o +Provincia, o segundo Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas ou o novidoso Plan Extra.

Estes investimentos serán para gasto corrente, fomento de emprego, redacción de proxectos transformadores, infraestruturas



deportivas, rehabilitación, humanización de espazos públicos e xestión de residuos. Tamén abordaron as actuacións en seguridade viaria na EP-2502 Cerquido-Riba-

delouro como a instalación de nova rede de pluviais, á altura da saída do Polígono industrial da zona e unha rotonda de canalización de tráfico.

Calendario solidario da Eurocidade Tui-Valença

Un ano máis a Eurocidade Tui-Valença edita o seu calendario solidario que ten por lema "A Eurocidade Tui-Valença non se sente, vívese!". A súa distribución realízase a cambio de dous quilos de alimentos perecedoiros.

Está ilustrada con fotografías como a Cruz do Monte Aloia, que neste 2025 cumpre 125 anos; a imaxe de San Teotónio en Ganfei;



primeiro santo portugués; a capela de San Telmo en Tui; o Miradouro de Sant'ana no Monte Faro; o palco da música de San Bartolomeu; a ponte internacional e o río Miño; o carochó, barco típico do Miño; o Paseo da Corredoira; o mosteiro de San Fins; a Catedral de Tui coincidindo co seu 800 aniversario; e a fortaleza de Valença. na páxina correspondente ao mes de decembro.

20 usuarios premiados pola Biblioteca Municipal



Coincidindo co Día dos Usuarios das Bibliotecas, o Alcalde Enrique Cabaleiro e o persoal da Biblioteca Municipal de Tui fixeron entrega dos diplomas á vintena de persoas, na categoría infantil e adulta, que máis libros retirou en préstamo no 2024.

Na categoría infantil, o neno que máis títulos retirou ten 11 anos, e leu 287 libros nun só ano. A décima nena que recibiu o diploma ten 8 anos e retirou 116 exemplares. Dentro da categoría adulta, 110 foron os libros que leu o primeiro, con 69 anos; e 54 títulos retirou o noveno, de 87 anos.

Carlos Pérez Antón, Mención Honorífica

Nun acto celebrado no Salón de Plenos do Concello, o Alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, entregou este 2 de xaneiro unha "Mención Honorífica Especial" a Carlos Pérez Antón - popularmente coñecido como Carlos Fonterosa - en recoñecemento a unha dilatada traxectoria persoal de apoio e promoción da actividade social, comercial e cultural tudense.

Pérez Antón (Tui, 1929) foi un dos impulsores do Grupo Filatélico e Numismático de Tui, creado en 1966, así como da Federación Galega de Sociedades



Filatélicas, FEGASOFI, adscrita á Federación Española de Sociedades Filatélicas, FESOFI. Foi igualmente Tenente de Alcalde do Concello durante o mandato de José Casal Aboy (1965-1969)

Rehabilitación do Conxunto Histórico

No marco do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Tui, PEPCHA, o Concello realizou ao longo de 2024 un total de 12 proxectos de rehabilitación nas rúas Cuenca, Ordóñez, Sanz, Ouro, Augusto González Besada, ou Martínez Padín entre outras, que permitirán a creación de 18 novas vivendas neste ámbito así coma de 2 apartamentos turísticos. Igualmente o departamento de Patrimonio e

Conxunto Histórico xestionou máis de 40 solicitudes de obra menor, destacando o edificio na rúa Camilo José Cela; o Cárcere Vella para espazo museístico e atención ao peregrino; e o desentullo do Teatro Principal.

Para 2025 están previstos dentro do plan Rexurbe a rehabilitación integral do edificio da rúa Bispo Castañón adquirido pola Xunta para alugueiro social e dous edificios no céntrico Paseo da Corredoira.

Máis dun millar de turistas pasaron por Tui en decembro

A Oficina Municipal de Turismo recibiu este mes de decembro unhas 1.084 persoas, consolidando a desestacionalización do turismo na cidade ao longo de 2024.

Pontevedra, Madrid, Salamanca, A Coruña, Valladolid e Asturias foron os principais puntos de orixe

do turismo nacional, mentres que Portugal, Francia e Nicaragua fórono no internacional. A presenza de peregrinos foi moito menor en decembro cun total de 38 consultas sendo de EEUU, Portugal, Taiwán e Reino Unido e a nivel estatal de Alacante, Cádiz, As Palmas ou Pontevedra.

LA GRAN MANZANA
CAFÉ & HELADERÍA
Paseo de Calvo Sotelo, 31. Tui

Cousiñas
TIENDA DE REGALOS Y SOUVENIRS
R/ Ordóñez, 14 baixo - TUI

GL3
Muebles, descanso y decoración
Calle Orense, 4 - 36700 - TUY
Tlf: 986 60 30 54 - 639 83 86 72

TUI

A licitación o novo tramo da AG-42 Tui-A Guarda

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, participou no acto de presentación da licitación para o novo tramo de 4 quilómetros na autovía AG-42 Tui-A Guarda cun investimento de 17M€ e que conectará o polígono de Areas coa PO-350 en Toño. O proxecto prevé un prazo de execución de 24 meses co inicio das obras a para mediados de 2025.

Rueda destacou que esta iniciativa que aposta pola mobilidade e as infraestruturas permitiu construír 220 quilómetros de novas autovías en Galicia, cun investimento total para a AG-42 que su-



perará os 188M€. Salientou igualmente o compromiso da Xunta por recuperar a xestión das catro autopistas autonómicas –O Salnés, Barbanza, Ourense-Celanova e San-

tiago-Brión–, que permitiu aforrar máis de 340M€ ás arcas públicas así como as bonificacións das peaxes nas autovías AG-55 (Costa da Morte) e AG-57 (Val Miñor).

Nova sede de seguridade

O ministro de Interior Fernando Grande-Marlaska inaugurou en Tui a nova sede do Centro de Cooperación Policial e Aduaneira (CCPA) Tui-Valença, acompañada da súa homóloga portuguesa Maria Margarida Blasco. No acto de inauguración tamén participaron o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco; o Alcalde de Tui, Enrique Cabañero; e a presidenta de la Sociedad de Infraestructuras e Equipamientos Penitenciarios e da Seguridad do Estado (SIEPSE), Sofía Hernanz.

Substituíndo a sede operativa anterior vixente desde 2008, o novo edificio da CCPA contará con tecnoloxía avanzada como a



plataforma SIENA da Europol, consolidando así a cooperación transfronteiriça en materia de seguridade para combater o terrorismo e os tráfico ilícitos, Entre xaneiro

e novembro de 2024 a CCPA tramitou 1.033 expedientes relacionados co intercambio de información así como a realización de operacións conxuntas.

Tui agasalla con libro de Ánxeles Ferrer



A Biblioteca Municipal de Tui está a agasallar a todos os nenos e nenas de até 9 anos de idade que retiren un libro en préstamo cun exemplar da obra clásica dos Irmáns

Grimm “Branca de Neve e os sete ananos” adaptada e ilustrada por Ánxeles Ferrer, autora e ilustradora de literatura infantil, que vai acompañada dun CD cun audio-conto.

18.000 préstamos en 2024

A Biblioteca Municipal de Tui prestou ao longo do ano 2024 18.279 libros, o que supón un incremento do 25% con respecto a 14.536 que as persoas usuarias levaron en empréstimo no ano 2023. Tamén ao longo dos últimos 12 meses se incrementou nun 12%, con respecto a 2023, o número de usuarios activos que chegou a 1.193 persoas que levaron estes máis de dezoito mil libros en préstamo. A meirande parte das persoas usuarias activas, 743, son maiores de 14 anos, e 450 son usuarios infantís. Dos 18.279 libros emprestados, un total de 9.898 corresponden a libros retirados por usuarios infantís e 8.381 por usuarios xu-

venís e adultos.

A Biblioteca conta na actualidade con 33.326 volumes na súa colección. No ano 2024 a colección foi incrementada con 1.009 novos exemplares: 701 libros, 308 películas e 80 comics. Destes exemplares 492 foron adquiridos con fondos propios e fondos procedentes das axudas da Xunta, e 517 exemplares proceden de doazóns especialmente os fondos audiovisuais que corresponden á catalogación da Biblioteca de cinema “Daniel Domínguez”. Paralelamente a Biblioteca desenvolve un proceso de expurgo de obras deterioradas ou obsoletas, que no pasado ano acadou a retirada de 880 exemplares.

PFC Condado

+55
Pompas Fúnebres
del Condado
2019-2024

Gracias

TANATORIO ARBO

TANATORIO PONTEAREAS

TANATORIO TUI

TANATORIO TOMIÑO

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

O Campo de As Gaiandas ten novo céspede artificial

O Alcalde Paco Ferreira, acompañado dos ex presidentes do Gondomar F.C., inaugurou o novo céspede artificial do campo de fútbol de As Gaiandas, cun investimento de 458.873,67€ en fondos municipais. A obra inclúe un sistema de rego automatizado e novas zonas anexas para actividades deportivas.

O saque de honor foi realizado por Manuel Rodríguez (Pacho), socio número 1 do Gondomar C.F., no encontro do equipo local contra o Coruxo F.C. Ferreira tamén des-



tacou os 580.000€ de investimentos en deporte local, como a remodelación do espazo deportivo de As Cercas.

As Festas do Rosal xa contan con calendario



A través da ollada de seis fotógrafos rosaleiros, o Concello volve ofrecer de xeito gratuito o seu tradicional calendario anual, na súa quinta edición cun auténtico percorrido visual polas festas do municipio.

Cada mes o calendario repre-

senta unha festa diferente do municipio destacando o Entroido de Novás ata a San Silvestre, pasando pola Feira do Viño, a Festa do Pilar ou as de Fornelos, da Saúde, San Gregorio, San Xián, Martín, A Magdalena, de San Miguel ou a romaría de San Martiño.

A Guarda aplicará o "Escudo frondoso"

O Concello da Guarda lanza a campaña "Escudo frondoso" para protexer os bosques e o medio ambiente, implicando aos centros escolares e propietarios de parcelas en ini-

ciativas de prevención de incendios e da invasión de plantas pirófitas, como a acacia. A campaña inclúe charlas informativas sobre a prevención de incendios e sobre as árbores frondosas.

Pasan ao Estado os terreos innecesarios do paseo marítimo

O presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, e o Alcalde do Concello da Guarda, Roberto Carrero, acordaron a proposta definitiva para a reversión ao Estado dos terreos declarados

innecesarios para a actividade portuaria no municipio. A proposta, baseada en criterios estritamente técnicos ratificados pola FEGAMP, abrangue os terreos frontais do paseo marítimo guardés.

Oia aproba un orzamento de 2,1 millóns de euros

O pleno do Concello de Oia aprobou de forma inicial o proxecto de orzamentos municipais para o exercicio 2025, que ascende a un total de 2.167.561,26 euros.

Destacan a aposta polo fomento da natalidade, con axudas económicas de 200€ ás familias empadroadas; a incorporación, a partir de xaneiro, dunha educadora familiar no Concello; o subministro eléctrico; o Servizo de Axuda no Fogar; a recollida e

xestión de residuos; o servizo de limpeza de edificios públicos; investimentos en obras públicas; subvencións nas traídas de augas veciñais; a conciliación familiar; e unha dotación económica para os campamentos de verán en Santa María de Oia e Refoxos. Tamén recibirán achegas municipais Cruz Vermella, San Xerome Emiliani, Fibromiño, Vontade, Asociación Contra el Cáncer e SOS Tomiño.

Reforma integral nos camiños rosalinos

O Concello do Rosal, en colaboración coa Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño, rematou diversas obras para a posta a punto dos camiños de todo o municipio, así como para a realización de numerosas actuacións de mellora en todos os barrios e parroquias.

Estas actuacións permitiron melloras na rede de abastecemento de augas, tamén en colaboración coas traídas veciñais, para accións como o cambio de tubaxes en zonas como San Miguel, Pías, Marzán, Tabagón, As Eiras ou Fornelos, así como pequenas reparacións noutras parroquias e o



enganche de auga no Barrio Novo. En canto aos camiños municipais se melloraron as conexións con As Eiras e Pías, Caselas, Cartas, Calvario e San Silvestre así como no cemiterio de Tabagón, e punto verde e de acopios de Viso dos Eidos, Tabagón, Cunchada e A Mata.

Conexión peonil entre Camposancos e A Guarda

Accompañado da Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, o delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, o Alcalde Roberto Carrero anunciou a construción neste primeiro trimestre de 2025 dun itinerario peonil que circunvalará o Monte Santa Trega polo trazado da estrada autonómica PO-352, garantindo seguridade e promovendo a mobilidade sostible.

O itinerario conectará o centro da Guarda coa zona de praias,



Camposancos e as instalacións deportivas da Sangriña, garantindo a seguridade dos peóns. As obras contan coa colaboración da Xunta e estarán cofinanciadas por fondos europeos FEDER 2021/2027.

O PSOE guardés pulsa o comercio local

Convocada polo Grupo Socialista da Guarda, a xuntanza a realizarse o 15 de xaneiro no Centro Cultural busca recoller as inquietudes e propostas do tecido empresarial local

para trasladalas ao pleno municipal.

A portavoz socialista, Fátima Rodríguez, explicou que esta convocatoria xorde trala moción presentada en novembro de 2024,

na que se solicitaba a comparencia do concelleiro de Empresa e Comercio, ausente en 15 plenos municipais e a quen acusa de abandono de responsabilidades.

Seguridade na EP-3303 entre Tabagón e Goián

Tras reunirse coa Alcaldesa de Tomiño, Sandra González, o presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, vén de adiantar o compromiso para 2025 coa mellora da mobilidade peonil e a seguridade viaria na estrada provincial EP-3303, entre as localidades de Tabagón e Goián.

A Deputación prevé un investimento de máis de 710.000€ na que o ente provincial asumirá o 80 % do custo da actuación.



Entre outras actuacións a través do programa +Provincia se realizaron obras na Avenida Ordóñez (108.000€) e de infraestruturas deportivas, no pavillón de A Carballa (184.600€)

Tomiño será pionero na xestión de residuos



Alcaldesa Sandra González e José Manuel Ribeiro, presidente de LIPOR, Asociación de Municipios para a Gestión Sustentável de Resíduos do Grande Porto, asinaron un convenio de colaboración para a valorización e tratamento de residuos urbanos. O novo modelo converterá a Tomiño nun Con-

cello pioneiro no cumprimento da lei de residuos.

Grazas a este convenio, Tomiño terá acceso a "Wayste", unha plataforma creada pola LIPOR para monitorización da xestión de residuos. LIPOR é responsable da xestión do lixo de oito municipios lusos, entre eles o de Porto e outros da súa área

Novo patio na Galiña Azul de Baiona

Alcalde de Baiona Jesús Vázquez Almuiña e o Xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, acompañados pola Concelleira de Educación, Nuria Leyenda, o Concelleiro de Vías e Obras, Gonzalo Pérez, a Directora da Escola Infantil A Galiña Azul, María Teresa Rodríguez, e a Presidenta do ANPA, Claudia Garcia, inauguraron a obra do novo patio da escola, levada a cabo pola Concellería de Educación en cofinanciación co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.



A obra consiste na instalación de elementos de xogo e a colocación de caucho continuo para a seguridade e protección do alumnado. Por outra banda, o Concello iniciou as obras de instalación do ascensor na Casa Consistorial, que permita mellora o acceso especialmente para as persoas con discapacidade.

Esixen melloras laborais ante "abuso de poder" en Tomiño



O grupo socialista saiu en apoio do/as traballadore/as do Concello de Tomiño que reclamaron un axuste salarial e actualización de Relación de Postos de Traballo para que se cumpra a lexislación vixente. Persoal do Concello con-

siderou un "abuso de poder, autoritarismo e unha falla de transparencia e democracia sen xustificación" por parte dun Goberno municipal "que se considera de esquerda". Piden que estas demandas se contemplen nos orzamentos municipais de 2025.

Rehabilitación do Faro de Canido

Concello de Nigrán rematou as obras de rehabilitación do Faro de Canido, adxudicadas á empresa Impervelper por un importe de 218.649 €, dos que a UE achegou 132.730 € a través de los fondos Next Generation.

A reforma integral deste edificio localizado entre Panxón e Nigrán, proxecto do arquitecto nigranés Severo Fernández, permitirá acoller a sede da Escola Municipal de Pintura e Gravado. As obras inclúe



nova iluminación e instalación eléctrica, climatización mediante aeroterminia e redución do consumo enerxético do 75%.

CHAMBO LIBRIS
ASOCIACIÓN SOLIDARIA

- FOGAR DO LIBRO USADO
- OBRADOIROS
- RECITAIS
- TERTULIAS
- PRESENTACIÓN DE LIBROS

Rúa Alfonso Vázquez Fraile, 7 PONTEAREAS

RESTAURANTE
O Vello Cabalo Furado

R/ Seijas, 2 -baixo. 36700 TUI. Telf: 986 603 800

O Tunel
apas
Desde 1947

986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

MISCELANEA

“Cantareira”, Palabra do Ano 2024

Co 25% dos votos, “Cantareira” impúxose como a Palabra do Ano 2024 na votación popular promovida pola Real Academia Galega e a Fundación Barrié a través do Portal das Palabras. A palabra cantareira(s) designa ás protagonistas do Día das Letras Galegas 2025, festa que a RAG dedicará á poesía popular oral e ás mulleres que cantan e crean cantigas.

A celebración do 17 de maio personificarase nas figuras de Adolfinia e Rosa Casás Rama (Cerceda), Eva Castiñeira (Muxía) e en tres das cinco Pandeireteiras



de Mens (Malpica de Bergantiños), Villar, por seren as que faleceron Prudencia e Asunción Garrido hai máis dunha década. Ameijende e mais Manuela Lema

As Letras Galegas 2025 honran ás cantareiras e á poesía popular oral

A Real Academia Galega acaba de poñer en marcha o sitio web no que reunirá os seus contidos divulgativos arredor do vindeiro Día das Letras Galegas, que lle dedica este ano á poesía popular oral e ás canta-

reiras. A nova sección arrinca coa presentación da celebración da académica Ana Boullón Agrelo e mais unha tribuna do académico Antón Santamarina. Tamén destacan a nova edición de Primavera das Letras e os novos conti-

dos do Portal das Palabras. Colaborarán o Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) do Museo do Pobo Galego e de estudosos como Pablo Quintana, e diversos relatorios.

A RAG divulga a figura de Castelao

Con motivo do 75 aniversario do seu pasamento, ocorrido en Bos Aires o 7 de xaneiro de 1950, Afonso Daniel Rodríguez Castelao, membro de número da RAG e Día das Letras Galegas de 1964, terá o seu site na páxina web desta institución dentro das actividades conmemorativas a realizarse durante



este 2025.

O novo site terá dúas seccións: “Castelao na RAG” con material divulgativo relacionados coa súa figura; e “Pezas Destacadas”, onde membros da RAG e outros especialistas presentarán cada mes unha peza senlleira relacionada coa biografía ou a obra de Castelao

O FP incrementouse nun 6,3% na provincia

A directora xeral de FP na Xunta, Eugenia Pérez, reuniuse no Centro integrado de FP Carlos Oroza cos directores dos 55 centros educativos públicos que imparten ensinanzas de FP na provincia de Pontevedra.

Na reunión abordouse o incremento de matriculación, que conta este curso con 25.370 matriculados na FP, un 6,3% máis ca no ano académico 2023/24: un 9,4% na cidade de Pontevedra; un 4,2% en Vigo; un 13,1% no Deza, Ta-

beirós e Terra de Montes; e un 18,1% no Salnés. En canto aos ciclos destacan a cantería, mecánica industrial, robótica, automoción, transporte, SEO/SEM, redes sociais, marketing e vendas e redacción de contidos dixitais.

PSdeG adianta para marzo o seu XV Congreso



O equipo redactor da ponencia que prepara o documento marco do XV Congreso do PSdeG, que se celebrará os próximos 08 e 09 de marzo, mantivo a súa primeira xuntanza de traballo coordinado polo portavoz da Executiva do PSdeG e ex deputado autonómico Julio Torrado. Os socialistas galegos preparan un “docu-

mento ambicioso en clave galega” con aportacións para superar a Galicia “gris e conformista” que provoca a xestión do PP no goberno galego. Para iso incorporará propostas “novas, modernas e ilusionantes” que os socialistas galegos están a recoller a través do ciclo de encontros sectoriais Diálogos con Raíz.

15 novos Doutorados industriais

A Xunta publicou a resolución da cuarta edición do programa de Doutoramentos Industriais para a contratación de 15 persoas doutorandas por parte de empresas e centros tecnolóxicos e de innovación para a realización da súa tese nunha contorna empresarial.

O programa conta cunha axuda total de 1.854.000€ para o período 2024-2028. Nas tres edicións anteriores permitiu a contratación doutros 46 estudantes de doutoramento, co que xa superan os 61 contratos cun investimento de máis de 7,5 millóns€.

O PSOE detecta “graves irregularidades” no Álvaro Cunqueiro

Elena Espinosa, viceportavoz do Grupo Parlamentario Socialista, denunciou a burla á cidadanía galega por parte do PP na Comisión de Investigación sobre o sobre custe do Hospital Álvaro Cunqueiro, avaliado en 470M€, e a adxudicación de contratos menores na pandemia a familiares e amigos de altos cargos do PP.



Reclaman os socialistas que esta investigación, que debería ter como obxectivo clarificar as irregularidades detectadas, foi boicoteada sistematicamente polo PP que empregou a maioría

parlamentaria para vetar comparecencias, ocultar documentación, evitar calquera avance significativo e agora aprobar unhas conclusións “escandalosas”.

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓNES COAS INSTITUCIÓNES PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

forjados
hinós. durain s.l.

www.forjadosduran.com

209 M€ para 2025: o maior orzamento provincial

A Deputación de Pontevedra aprobou para o 2025 o seu orzamento máis alto da historia, que alcanza os 209 millóns de euros. Aprobou tamén a segunda edición do Plan +Provincia, o Plan de Obras e Servizos da Deputación, que volve tocar teito cun orzamento de 48,2M€, e que incorpora a posibilidade de realizar investimentos plurianuais como principal novidade. Igualmente foi aprobado o Pacto pola Lingua.

Neste novo orzamento destacan o aumento en partidas estratéxicas como o deporte, turismo, cultura, Acción Comunitaria, Servizo de



Infraestruturas e Vías Provinciais. Pola súa banda, a session plenaria tamén aprobou a renuncia por petición propia da deputada Isabel Couselo, responsable da área de

Infraestruturas, Mobilidade e Contratación, que será nomeada como nova xefa territorial da Consellería de Cultura Lingua e Xuventude na provincia de Pontevedra.

Novo Consorcio de Mobilidade Erasmus+

A Deputación de Pontevedra convocou un novo Consorcio de Mobilidade dentro da convocatoria de propostas 2025 do Programa Erasmus+, ao que se poderán adherir os centros educativos da provincia, coa finalidade de presentar conxuntamente unha solicitude de proxecto e fi-

nanciamento ao Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) O prazo de solicitude de adhesión dos centros rematará o 15 de xaneiro.

No novo consorcio forman parte 39 centros educativos de 22 Concellos da provincia. O proxecto terá unha duración inicial de 15

meses, con posibilidade de prórroga ata os 24 meses, As persoas beneficiarias poderán realizar a mobilidade nun dos 27 países membros da UE así como de terceiros países asociados ao programa (República de Macedonia do Norte, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Turquía e Serbia)

Pontevedra medra en turismo

Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, ao destino Rías Baixas segue a liderar todos os rexistros turísticos en Galicia e mesmo do norte de España. En novembro a pro-

vincia de Pontevedra liderou novamente o ranking de destinos turísticos galegos coa maior estadía media da comunidade, que tamén superou destinos nacionais como o País Vasco, Asturias e

Cantabria. O turismo estranxeiro segue a medrar na provincia, cun 5,25% máis de visitantes internacionais que en novembro de 2023, destacando Portugal, Xapón, Francia e Reino Unido.

Voando nas Rías Baixas seguirá este 2025

A Deputación de Pontevedra pon en marcha en febreiro unha nova edición do programa Voando nas Rías Baixas, en colaboración coa asociación SEO/BirdLife, con sete rutas ornitolóxicas. Como novidade, incorpórase unha nova ruta, a da costa sur da Ría de Arousa, e vol-

ven os percorridos das Brañas de Xestoso e o Esteiro do río Miño. As outras rutas son a foz da Ramallosa e Praia América (Nigrán); a ruta da praia da Lanzada (O Grove e Sanxenxo); os campos e lagoas de Rouxique (Sanxenxo); o esteiro do río Lérez e a Intermareal Combarro-Lourido (Poio e

Pontevedra); e a enseada de San Simón (Pontevedra, Soutomaior e Vilaboa)

Por outra banda, a Deputación remata o 13 de xaneiro o prazo para que as entidades de mulleres da provincia soliciten algunha das máis de 200 formacións enmarcadas no programa +Xuntas.

“+Cidade” investirá 6,4M€ en Vigo



O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, e o Alcalde de Vigo, Abel Caballero, asinaron un convenio por valor de 6,4M€ en investimentos para cinco proxectos clave na cidade olívica: a construción dun macroparque

na Finca Matías; a humanización da rúa Clara Campoamor; as obras do campo do Sárdoma e o Moledo; o parque Nelson Mandela; e no complexo deportivo das Travesas. A Deputación achegará o 80 % deses investimentos, en total 5M€.

280.000€ para xestión da auga

A Deputación de Pontevedra avanza na posta en marcha dun novo proxecto, co que complementa o Plan +Aqua, de mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través da

posta en valor das comunidades de usuarios de auga, que conta cun orzamento de 280.000€. Este novo proxecto que se suma ao +Aqua lanzado no 2024 e ao +Novaqua que se vai poñer en marcha no 2025.

Internacionalización do Museo de Pontevedra

A Deputación segue a dar pasos para proxectar internacionalmente o Museo de Pontevedra cun novo proxecto de residencias artísticas en Bruxelas e Madrid. Mediante un proceso de selección as persoas seleccionadas estarán du-

rante catro semanas na residencia artística na Fondation Walter & Nicole Leblanc de Bruxelas e durante tres meses en Matadero Madrid. Ademais, as obras resultantes da residencia artística exporanse na Bienal de Arte de Pontevedra.

Un +Provincia 2025 histórico con 48M€

A Deputación de Pontevedra publicou no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra as bases do +Provincia 2025, o plan de obras e servizos de competencia municipal, do-

tado con 48,2m€ para os 59 municipios de menos de 50.000 habitantes da provincia. Para facilitar a xestión dos recursos, o Plan permite flexibilizar o traspaso de crédito entre liñas.

GASOLEOS TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO
PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61
REPSOL

Óptica mahen
mahen... Ópticos desde 1939
Nº Reg. Sanitario E-36-000038
PONTEAREAS
rúa senén canido, 4

Máis de 1.000 galegos manifestaron por Palestina en 2024

Mediante a lectura dun manifesto, a asociación "Solidariedade galega coa Palestina" anunciou unha nova vaga de mobilizacións para este 2025, comezando este 3 de decembro en Pontevedra. Neste acto aproveitou para facer balance das máis dun milleiro de protestas que tiveron lugar en 2024 contra o cerco "inhumano" de Gaza e o asasinato de 45.000 persoas (17.000 crianzas incluídas), por parte do Estado israelí.



O PIB galego foi o que máis creceu desde 2009

O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, destacou que Galicia é a Comunidade que rexistra un maior crecemento do PIB per cápita nos últimos 15 anos, 7,2 puntos máis que a media de España. Precisou que, en Galicia, o PIB per cápita medrou un 41% desde o ano 2009, mentres que en Es-

paña fixoo un 33,8%.

No tocante á renda dispoñible per cápita dos fogares, Corgos resaltou que nos últimos 14 anos, Galicia diminuíu o diferencial de renda dispoñible por fogar en 556 euros, aumentando en 3.366 euros a renda dispoñible por fogar entre 2009 e 2022, fronte aos 2.810 euros da media de España.

Adeus a Francisco Domínguez, o galeguista impulsor da tradución da Biblia

Francisco Domínguez Martínez (Santa Uxía da Ribeira, 1944) faleceu en Vigo este 1 de xaneiro de 2025. Director entre 2010 e 2020 da Fundación Penzol substituíndo a Francisco Fernández del Riego, "Quico" Domínguez tivo unha ampla traxectoria no eido da cultura, do galeguismo e da política, sendo refundador e secretario de organización del Partido Galeguista (1978-1982).



Enxeñeiro industrial de formación, foi director técnico do grupo La Artística, director xerente do Centro Tecnolóxico Aimen, técnico superior de I+D da UVigo e xestor de Deseño e Pro-

ducción Industrial do Plan Galego de Investigación. Defensor da literxia en galego e do compromiso coa acción social da Igrexa, Domínguez foi o impulsor da tradución da Biblia a nosa lingua

durante a súa estancia estudiantil en Bilbao, onde fíxose cargo da editorial Sept. Tamén foi director de Cáritas Diocesana en Vigo e accionista e conselleiro de Editorial Galaxia.

A Xunta inviste 5M€ para I+D+i



Desde Ponte Caldelas, o secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, avanzou que a nova edición do programa Investigo, que foi avaliado no último Consello da Xunta, contará cun orzamento de 4,8M€ para apoiar a contratación de menores de 30 anos desempregados no eido da

I+D+i. Por primeira vez, a iniciativa intégrese na nova Estratexia mocidade activa da Xunta para impulsar as oportunidades laborais e reter o talento da xente nova dotada con 20M€.

Como novidade reservárase 1M€ para as entidades privadas sen ánimo de lucro a que teñan como actividade principal a I+D+i.

Presentadas seleccións galegas de balonmán

O 29 de decembro na Cidade da Cultura, o balonmán galego presentou ás seis seleccións que representaron a Galicia no CESA a celebrarse en Cataluña a comezos de xaneiro. No pasado campionato, o combinado galego dirixido pola guardesa Elena Estévez acadou a medalla de prata.



195 M€ para asistencia sanitaria na área metropolitana de Vigo con POVISA

O Consello da Xunta autorizou o contrato con POVISA para a asistencia sanitaria especializada na área sanitaria de Vigo por un importe de 194.732.064 de euros e un pe-

ríodo de vixencia inicial de dous anos. O obxectivo é prestar asistencia sanitaria especializada a unha poboación estimada de arredor de 116.000 persoas que libremente así o elixen, asignada

aos centros de saúde dos municipios de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e aqueles outros que se determinen do municipio de Vigo.

PANADERÍA A BROA CAFETERÍA
Puza - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090
Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO 986 644 036
www.covelo.cc
grupoluco@covelo.cc

milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas
milfollas@mundo-r.com